

A tradición literaria de Betanzos: «Canción galega en loor de don Diego das Mariñas Parragués»

CONCEPCIÓN DELGADO CORRAL*

Sumario

Estudo da tradición literaria de Betanzos na Idade Media e nos Séculos Escuros.

Abstract

A study of the literary tradition of Betanzos in the Middle Ages and the Dark Ages.

O período medieval constituiu unha auténtica idade de ouro para a literatura galega. Á produción lírica das cantigas profanas, de amigo, de amor e de escarnio e maldicir, únense a composición das cantigas relixiosas de santa María promovidas polo rei Afonso X o Sabio, as versións en prosa de obras históricas como a *Crónica Xeral Galega*, a *Crónica Galega de 1404*, a *Crónica de Santa María de Iria*, e os textos narrativos clasificados tematicamente en tres ciclos: o Ciclo Bretón cos relatos de amor e cabalaría do rei Artur e os cabaleiros da «Táboa Redonda», o Ciclo Clásico coa temática da guerra e destrución de Troia, e o Ciclo Carolinxio integrado polos *Miragres de Santiago*, versión do *Liber Sancti Jacobi* ou *Codex Calixtinus*.

A tradición literaria de Betanzos remóntase a esta época de esplendor con trobadores e xogres importantes con obra nos cancioneiros.

Pero García d'Ambroa, trobador nado en San Tirso de Ambroa¹, autor dunha cantiga de amigo, unha de amor, once cantigas de escarnio e unha tensó, compostas entre 1228 e 1260.

Pero d'Armea, nado no lugar de Armea², autor de trece cantigas de amor, catro de amigo e unha cantiga satírica, de escarnio de amor, compostas no terceiro cuarto do século XIII.

Pedr'Amigo de Sevilla³, autor de catro cantigas de amor, once cantigas de amigo e dezasete cantigas satíricas.

As soldadeiras eran mulleres que acompañaban aos exércitos e axudaban nas representacións aos xogres, exercendo como danzarinas e cantoras. Das proximidades de Betanzos é a famosa María a Balteira, protagonista dun pequeno ciclo de cantigas satíricas compostas entre 1257 e 1267 que a fixeron famosa.


Entre os textos conservados de prosa galega temos a narrativa do Ciclo Clásico con dúas versións do século XIV sobre a guerra de Troia: a *Crónica Troiana* e a *Historia Troiana*. A *Crónica Troiana* consta de 185 follas de pergamiño que foron escritas por Fernán Martíns, capelán de Fernán Pérez de Andrade «o Bóo», xunto con outros amanuenses, por mandado do seu señor. O manuscrito pertence ao derradeiro cuarto do século XIV. O lugar de redacción

* **Concepción Delgado Corral**, betanceira, é doutora en Filoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela e catedrática de Lingua e Literatura do instituto «Francisco Aguiar» de Betanzos.

¹Cfr. *Lírica profana Galego-Portuguesa*. Vol. I e II. Publicacións do Centro de investigacións lingüísticas e literarias *Ramón Piñeiro*. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1996.

²Cfr. obr. cit.

³Martínez Salazar e M. García Blanco identificárono cun clérigo galego, de Betanzos, presente en documentos de 1260, 1261, 1275, que foi coengo de Oviedo e Salamanca, onde asina o seu testamento e 1302.



Fernán Pérez de Andrade e seu irmán maior, Iohan Freyre de Andrade. Igrexa de San Francisco de Betanzos. Debuxos: Erias.

pode situarse entre Betanzos ou Pontedeume, lugares onde os Andrade residían.

As aportacións de Betanzos á literatura medieval foron, como vemos, considerables.

A partir do século XV, a lingua galega queda reducida á expresión oral. O galego era a lingua falada predominante, pero como lingua non literaria estaba incapacitada para a ciencia e a cultura. Ao non haber unha literatura normalizada en galego a lingua ruralízase e dialectalízase. Existen escasas mostras literarias en galego durante o longo período que constitúen os chamados *séculos escuros* que chega ata o século XIX.

Algunhas destas mostras pertencen á literatura popular, como os fragmentos do cantar sobre a rebelión e decapitación na praza maior de Mondoñedo do Mariscal Pedro Pardo de Cella, o «Pranto da Frouseira», onde o castelo chora a morte do seu señor. Consérvase tamén unha composición que trata do saqueo de Cangas polos turcos. Cantigas que seguen os modelos tradicionais que aparecen en textos en castelán ou en follas musicais; todas elas anónimas e pertencentes aos séculos XVI, XVII e XVIII. E os vilancicos,

forma que combinaba características da literatura popular e tamén da literatura culta.

Galicia, ao non ter unha literatura normalizada, fronte a Castela e Portugal, non puido incorporar o Renacemento nin o Barroco pero consérvanse unhas composicións de carácter culto dos séculos XVI e XVII. Dous sonetos renacentistas, que dan inicio ao cultivo desta forma poética inaugurada no século XIII polo siciliano Giacomo Notaro da Lentino cuxo cultivo na poesía galega⁴ chegará con forza ao século XX, o «Soneto de Monterrei» que data da década de 1530 e de autor descoñecido, e o soneto en louvanza do poeta castelán Alonso de Ercilla atribuído á Condessa de Altamira, dona Isabel de Castro e Andrade, nada en Pontedeume e relacionada con Betanzos como todos os Andrade.

As mostras conservadas de poesía barroca son dous sonetos⁵ compostos á morte da raíña Margarida de Austria, as «Décimas ao Apóstol Santiago», e varias composicións das Festas Minervais que se celebraban en Santiago de Compostela, das que se editaron só as de 1697, nove composicións de 80 versos cada unha, compostas en honor de Alonso de Fonseca.

A importancia de Betanzos na literatura ten moito que ver coa hexemonía das casas dos Andrade e dos Mariñas, casas caracterizadas non só polos feitos políticos e guerreiros senón tamén polo mecenazgo que exerceron sobre artistas, artesáns e homes de letras.

⁴Cfr. Delgado Corral, «A obra de Francisco Antonio Sánchez García na patria común do soneto», *Anuario Brigantino*, 2009.

⁵Estes son o «Soneto con falda», de Xoán Gómez Tonel, e «Respice Finem», de Pedro Vázquez de Neira.

Fernán Pérez de Andrade «o Bóo» era un amante da poesía que promovía a creación literaria; a el debémoslle a versión galega da *Crónica Troiana*, escrita polo seu capelán Fernán Martíns.

Tamén de Betanzos ou próximo á cidade, era o historiador Vasco da Ponte, vasalo do conde don Fernando de Andrade e Pérez das Mariñas. O autor do nobiliario *Recuento de las casas antiguas del Reino de Galicia* viviu nos últimos anos do século XV e na primeira metade do século XVI.

Andrade era tamén Isabel de Castro, a Condesa de Altamira, filla de Fernando Ruíz de Castro, primeiro marqués de Sarria e logo conde de Lemos, e de Teresa de Andrade, filla do conde Fernando de Andrade. Á paixón polas artes dos Andrade a autora do soneto en galego a Ercilla unía a tradición de literatos dos Castro, tanto en homes, Antonio Zernadas e Castro, como en mulleres, chegando ao século XIX coa autora máis importante do Rexurdimento, Rosalía de Castro⁶.


Á cidade, como centro das Mariñas, correspóndelle un importante papel nos feitos que teñen que ver con estas linaxes. Os Andrade residían tamén en Pontedeume, pero ennobreceron Betanzos como centro cultural coas tres igrexas, Santa María, Santiago e San Francisco, convertindo esta última en panteón familiar. O certo é que entre Pontedeume e Betanzos se sitúan autores e obras moi importantes da literatura galega da Idade Media, e tamén dos séculos escuros.

De Betanzos era tamén o nobre Alonso de Lanzós, líder do levantamento irmandiño de 1467 quen, xunto cos señores Diego de Lemos e Pedro Osorio se uniu aos vasalos tomando como propias as súas reivindicacións. Lanzós alzouse contra a casa dos Andrade, á cal servira, motivado polas afrentas á súa propia familia. Venceunos, pero finalmente foi preso por Fernán Pérez Parragués e morreu nun calabozo dos Andrade.

A figura de Pardo de Cela foi convertida en mito e a isto colaboraron as composicións literarias dos séculos escuros promovidas seguramente pola propia casa do Mariscal. Alonso de Lanzós tiña todas as características para ocupar o lugar do auténtico defensor do pobo nas revoltas, pero é posible que o poder dos Andrade o impedise. Esta casa que Lanzós quixo destruír, en palabras de Vasco da Ponte, destruíuno a el e tamén, posibelmente, a súa memoria poética. O auténtico líder non tivo quen cantase as súas xestas, nin o pobo nin un autor individual.

Temos que esperar ao ano 1965 na celebración do V centenario da elevación de Betanzos á categoría de cidade, grazas que lle otorgou Enrique IV de Castela; con este motivo convócanse uns Xogos Florais coincidindo coas festas en honor a San Roque. O segundo tema de poesía será un romance escrito en galego ou en castelán que deberá tratar da figura de Alonso de Lanzós.

A decisión de dedicar un tema do certame á figura do verdadeiro líder dos irmandiños foi acertada e de xustiza. Aínda que tarde, a cidade de Betanzos recoñeceu a figura de Alonso de Lanzós e dispuxo de mármore para que os poetas o cantasen. O romance



⁶CARRÉ ALDAO, Eugenio, «Una poetisa gallega del siglo XVI: doña Isabel de Castro y Andrade, Condesa de Altamira», *BRAG* n° 112.



Antolín Faraldo.

gañador é da autoría de Enrique Chao Espina quen o recitou nun acto solemne que tivo lugar en Betanzos o 17 de agosto de 1965.

Pardo de Neyra⁷ infórmanos das raíces en Betanzos de Antonio Zernadas e Castro, coñecido como «o cura de Fruíme», unha das persoas que máis fixo pola defensa da lingua galega en tempos dos ilustrados Sarmiento, Feijoo e Cornide. Zernadas e Castro é o autor con máis obras escritas en galego no longo período de tempo que supoñen os séculos escuros. Nado na cidade de Santiago de Compostela en 1702 é fillo de Antonio Zernadas e María de Castro y Ulloa, os dous de clase fidalga. Os avós paternos foron Antonio do Couso de Zernadas e María de Albín, naturais de Filgueira de Barranca onde estaba o «solar» familiar dos Zernadas. Pola nai procedía dos Castros-Montenegro de Cesuras. As dúas familias fidalgas eran das terras de Betanzos.

As investigacións realizadas por Rosario Álvarez Blanco e Xosé Luís Rodríguez Montederramo aportaron novos datos á obra literaria destes séculos. Débese a eles a edición da «Canción galega en loor de don Diego das Mariñas Parragués»⁸ de finais do século XVI, incluída nun código facticio de composicións en castelán que procede da biblioteca de Diego Sarmiento de Acuña, Conde de Gondomar. A composición foi escrita coa intención de enxalzar a figura do primeiro galego que alcanzou o cargo de Gobernador e Capitán General de Galicia. Estaría dentro dos poemas de circunstancias, motivado por un feito importante e de interese para a sociedade, para Betanzos e para a Coruña en particular, como era este nomeamento e a recepción de don Diego das Mariñas na cidade da Coruña.

Os Mariñas son cos Andrade unha das linaxes orixinarias de Betanzos. Esta casa foi fundada por María de las Mariñas en 1469, señora das comarcas mariñás dos Freires ou de Cambre, e dos Condes ou de Bergondo⁹. Se ben a casa paterna era o castelo de Miraflores situado entre a Coruña e Betanzos e a casa central as Torres de Cillobre en Laracha, tivo tamén moita importancia a casa de Betanzos porque a cidade era o centro das dúas comarcas. En Betanzos naceu o gran Gómez Pérez das Mariñas de quen nos informa detalladamente César Vaamonde Lores¹⁰.

Don Diego das Mariñas Parragués era fillo de Gómez Pérez das Mariñas y Junqueras e de dona Juana de Matienzo, neto de Ares Pardo das Mariñas e de dona Teresa de Junqueras.

⁷Cfr. Pardo de Neyra, *O labor lírico do ilustrado cura de Fruíme*. Ed. Laivento, Santiago de Compostela, 2002.

⁸Rosario Álvarez / Xosé L. Rodríguez Montederramo (2003): «Escrita poética en galego a fins do século XVI: a «Canción galega en loor de don Diego das Mariñas Parragués», *BRAG* 364, 249-305 (inclúe facsímile).

⁹ CRESPO DEL POZO, J. S., *Blasones y linajes de Galicia*, Editorial de los Bibliófilos Gallegos, Santiago de Compostela, 1965.

¹⁰VAAMONDE LORES, César: «Gómez Pérez das Mariñas y sus descendientes», *BRAG* 109-117.

O seu curmán, Gómez Pérez das Mariñas, fillo de dona Berenguela das Mariñas e de Fernán Díaz de Ribadeneira fora honrado co hábito de Santiago polo rei Felipe II quen o nomeou Gobernador e Capitán General de Filipinas.

En don Diego das Mariñas Parragués, chamado tamén don Diego Parragués das Mariñas, uníronse os dous grandes maorazgos de Parga e Xunqueiras. Foi un dos máis ilustres galegos da súa época a quen, polos servizos prestados, o rei Felipe II lle concedeu en 1593 o Hábito de Santiago, e o que mandou fortificar a cidade da Coruña para poñela a salvo dos inimigos, lembrando o ataque de Drake.

Vaamonde Lores considera probada a súa orixe galega, non tendo claro o lugar de nacemento que pode ser Caramiñal, Xunqueiras, Santiago ou Parga. O seu curmán, Gómez Pérez das Mariñas, era natural de Betanzos e a relación dos dous coa cidade resulta evidente pola orixe da súa linaxe.

Gómez Pérez das Mariñas, no seu testamento, manifesta o desexo de ser enterrado, entre outros lugares, na igrexa-panteón de San Francisco de Betanzos, e designa entre os seus posíbeis herdeiros ao seu curmán Diego das Mariñas.

En 1470 Fernán Pérez de Andrade doa a Fernán Pérez Parragués o señorío de San Mamede de Oleiros e unha parte dos vilares de Parga pola captura do nobre Alonso de Lanzós, líder da causa irmandiña. O pobo galego fixo da figura de Pero Pardo de Cela un mito, e o auténtico defensor do pobo non tivo quen cantase as súas xestas. E precisamente, un descendente de quen o entregou a Fernán Pérez de Andrade, da linaxe dos Parragués, será elogiado nesta canción por un autor individual e culto.

Escrita nun galego de transición que conserva moitas das características do sistema medieval, a composición, composta por 110 versos, está estruturada en once estanzas, forma moi cultivada por Garcilaso de la Vega e que adquiriu o seu apoxeo nos Séculos de Ouro. Pódense diferenciar tematicamente catro partes. Na primeira parte o «eu» poético, identificado co poeta, fai unha chamada á musa galega pedíndolle inspiración para cantar o «milagroso caso» que supón a elección de don Diego das Mariñas como Capitán General e gobernador da Coruña. Xustifica o canto a el dedicado porque outros que eran galegos «nunha metade», como o «varón santo que esperan de Sebillá»¹¹, tamén tiveron un poeta galego que os cantara, e con máis razón don Diego, quen é «por todas partes galego». A partir de aquí comeza o que consideramos a segunda parte, onde se dirixe a don Diego destacando a importancia da súa linaxe e sostendo que é máis recoñecida en Castela que en Galicia onde chega a ser maltratada: «Da uosa antiga liña/ non digo eu de Galicia nesta parte,/ que por sorte mezuquiña/está tan mal tratada e de tal arte». A continuación, dirixíndose



*Pascual López-Cortón.
Foto: Alfredo Erias.*

¹¹ Rosario Álvarez e Xosé Luís Rodríguez Montederramo sinalan a Rodrigo de Castro, cardeal-arcebispo de Sevilla, como o aludido aquí, pero non se pode asegurar con certeza que sexa el.

a el, fai un repaso das virtudes de don Diego a quen considera «ramo frorido» dos Pargas e, pola súa prudencia e cordura, foi escollido polo rei Felipe II para axudar a apaciguar o Reino de Aragón e como conselleiro do de Bargas¹²; todas estas virtudes farán que a súa memoria perviva para sempre escrita en versos de ouro. A terceira parte comeza dirixíndose á cidade da Coruña, dicíndolle que non chore máis polos ataques dos «yrexes» (Drake e a flota inglesa) porque chega o gobernador máis cabal .que alzará as torres derrubadas e altos muros para fortificala. A cuarta parte comeza cando se dirixe de novo a don Diego e dille que, aínda que o ilusionen cousas máis grandes, como fillo agradecido, honre a patria onde naceu e evite coa súa presenza a guerra; por isto o poeta, facendo un eloxio da súa esposa, deséxalle que se leve ben con ela.

No códice composto por materiais moi diversos, a continuación dunhas coplas hai unha nota que di: «Después de averse compuesto estas coplas, compuso las que siguen don Gaspar de Teves». A continuación das coplas de Teves, no seguinte folio comeza a «Canción galega en loor de don Diego das Mariñas Parragués». Como ben afirman os editores da canción, a contigüidade non é razón suficiente para afirmar que Gaspar de Teves, localizado como bo poeta en castelán, sexa o autor da Canción. Por outra parte, descoñécese a vinculación del con Galicia polo que, de momento, non hai motivos que permitan afirmar a súa autoría.

O autor sitúase no verxel que constitúen as ribeiras do río «Mandeu» para facer un panexírico deste cabaleiro pertencente a unha das máis importantes linaxes orixinarias de Betanzos. A paisaxe personificada da cidade de Betanzos, representada nas ribeiras do río Mandeo, alégrrase polos éxitos do señor. A cidade cobra así unha dobre importancia: é o espazo onde se sitúa o poeta e, ademais, o lugar originario de linaxes importantes, entre elas a casa dos Mariñas á que pertence o suxeito eloxiado no poema.

O rexistro culto e as fontes literarias clásicas confirman a man dun autor que domina o traballo poético e a cultura humanística. Resulta evidente, tamén, a relación do poeta con Galicia polo dominio da lingua galega, e con Betanzos, en particular, cuxa paisaxe ama e considera un auténtico verxel.

Pode tratarse dun autor que, sen ser nado en Betanzos, se sitúa neste verxel pola relación dos Mariñas, linaxe da que fai unha gabanza, e de don Diego co lugar. Pero podemos apoiarnos nas referencias textuais que sitúan o poeta neste lugar para facer a súa canción, e afirmar que é natural do lugar ou polo menos residente no momento da composición.

Este autor descoñecido, cun dominio pleno da lingua galega nun rexistro culto, e coñecedor das fontes literarias do momento, fai «agora» unha chamada á musa galega polo que deducimos que tamén é autor de composicións en castelán. Neste caso solicita da musa galega o «burel» que merece un caso «milagroso» que fará que figure entre as outras nove musas do Parnaso.

A situación do eu poético en Betanzos e a composición feita con motivo da recepción do Capitán General na Coruña orixina no poema unha oposición campo/cidade que parece corresponder con ribeiras do Mandeu-Betanzos/a Coruña. O poeta, considerando os seus versos «groseiros e mal limados», pide á musa que levante a voz e que cante coa zanfoña e con «rústica garganta», entre as silveiras que «cengen» o «Mandeu» coas súas ribeiras, que «as froitas árbores e viñas fagan resoar o sangue escrarecido das Mariñas».

¹² Alonso de Vargas dirixiu a ocupación de Zaragoza a finais de 1591, e don Diego das Mariñas foi escollido por Felipe II como colaborador.

Considera que este canto feito con versos «rústicos» desde o verxel de Betanzos non será do agrado dos da cidade (a Coruña, onde o van recibir, ou calquera cidade?), porque son presuntuosos ou «pezpuntados» e duros para entendela.

A «Canción galega en loor de don Diego das Mariñas Parragués», escrita desde Betanzos cun coñecemento preciso da paisaxe, entra dentro da tradición literaria culta apoloxética e humanista, con alusión ás musas e coa preocupación polas formas poéticas novas. O autor, mesturando a xenealoxía co coñecemento directo dos acontecementos, fai o panexírico dun personaxe ao cal considera digno de ser recordado na memoria do pobo e de figurar na historia da literatura do país.

Publicamos a continuación a canción editada polos profesores Rosario Álvarez Blanco e Xosé Luís Rodríguez Montederramo:

CANCIÓN GALEGA EN LOOR DE DON DIEGO DAS MARIÑAS PARRAGUÉS

Ora sea nalgún tempo
alça musa galega o rostro ó ceo
con gozo e passatempo
e deya ese burel cuitado e feo,
pois se che ofrece un milagroso caso
qu'entre as noue doncelas de Parnaso
serás por el dend'oje conocida
con nome eterno e vida,
e en pago de tal noua e tas albrizas
recebe do teu verso estas primizas.
E ben que na cidade,
porque son muy galás e pezpuntados,
no escuiten de vontade
estes groseiros versos mal limados,
con todo, musa miña, a uoz leuanta
e con zanfoña e rústica garganta
faiz que entre estas silueiras,
que cengen a Mandeu con suas ribeiras,
resonen froitas, árbores e viñas
o sangue escrarecido das Mariñas.
Cantou no-á moitos días
outro galego con moy doce canto
as altas profecías
que esperan de Sebilla ó varón santo,
e porque achou a metade en el galega
feço del grande festa e grande emprega,
mays, ¿a quen pode vir, mirado a geito,
con máys justo dereito
a galega canción que a uós, Diego,
pois por todas as partes sos galego?
Da uosa antiga liña,


non digo eu de Galicia nesta parte,
que por sorte mezquiña
está tan mal tratada e de tal arte;
mays en os anchos Reinos de Castilla
fan dela tanta conta e marauilla
que por muy escollidos
e de tan limpa sangre producidos
entre os máis istimados cabaleiros
os da uosa linage son primeiros.
Das muy altas proezas
dos infanços antigos Parragueses
dan seguras certezaas
tantos escudos, armas e paueses
en qu'están esculpidas e estampadas
as insinias de Parga, tan honrradas.
E vós que de tal pranta aués saydo,
como un rramo frorido,
despoys da tempestad de tanta guerra
tragees nouas de paz á uosa terra.
En vós está en tal punto
a honrra posta da cabalería...
con mil virtudes junto
de gracias, gentileza e valentía,
que postas a Phelipe por diante
vos escolleu de moitos por vastante
en prudencia e cordura,
que tan compridas poso en vós natura,
para ajudar a apaciguar o estado,
do Reino de Aragón alborotado.
E foi cousa mui certa
que por voso valor, auiso e arte,

estando ja desperta
a furia entr' eles do sangrento Marte,
andando vós do general ó lado
foi logo o furor deles apagado,
e así gran justiçia
para os altos misterios da milicia,
por fiel conselleiro do de Bargas,
o Rey escolleu da fror dos Pargas.
En fin, esa bondade
que corre sempre ó igual coa bosa casta
fará, a pesar da idade
que as cousas máis subidas roe e gasta,
que o voso nome para sempre viua
e entretallado en mármore se escriba
con letra e versos d'ouro, de maneira
que hasta a edad postreira,
de siglo en siglo, por millós de anos,
dure a vosa memoria entre os humanos.
Cruña, que lastimosa
chora os danos dos crués yreges
no-estés máis congojosa,
pois non che falta cousa que deseges
para estar pola terra e mar segura.
¿Non ves tua dita, oh ollo, e gran ventura?

Ora verás ben cedo,
sen ter rezeo algún de guerra ou medo,
as túas altas torres derrubadas
por este cabaleiro ó ceo alçadas.
Farate gornecida
de baluartes fortes e seguros,
tan fresca e tan polida,
con edificios de soberbios muros,
que por eles en breue tempo olbides
a torre que algún din que feço Alcides
e bondad' acharás nel tan enteira
que che terrán denteira
moytos reinos de verte gobernada
do máys cabal varón que cinge espada.
Honrrado cabaleiro,
aunque tiren por vós cousas máis grandes,
que a ualor tan enteiro
certo é que é pouco gobernar a Frandes,
con todo, como fillo agradecido,
honrrade a patria donde aués naçido,
facé coesa presenza
que a guerra faga dela sempre ausençia.
Así vos logrés ben coa vosa esposa,
honrrada, principal e tan fermosa.

A composición demostra a importancia de Betanzos como lugar de orixe de linaxes de prestixio, como verxel das Mariñas e como inspiradora de composicións e de poetas.

Betanzos aportou un número considerable de obras e autores á literatura medieval, e



tamén figura con obra importante no contado número das que pertencen ao longo período dos séculos escuros. O seu nome figura tamén nos comezos do rexurdir literario con nomes tan importantes como o do provincialista Antolín Faraldo, autor de «Nuestra bandera literaria», auténtico manifesto cultural da literatura e da arte en xeral que proclama a liberdade individual do artista no acto de creación. E Xosé Pascual López Cortón, o mecenas que promoveu a publicación do *Álbum de la Caridad*, coas composicións presentadas aos Xogos Florais da Coruña, en 1861. De Betanzos é tamén Celestino Luís Crespo o autor do primeiro libro de poesía publicado despois da guerra, *Brétemas mariñas*, editado nesta cidade en 1946, un ano antes da publicación de *Cómaros verdes* de Aquilino Iglesia Alvariño.